

## O derradeiro herdeiro

A Euloxio da Cegoñeira  
in memoriam

"Ando a tocarlle as maos ós antepasados.."  
Os Eidos. U. Novoneyra

Levouno o vento frío de febreiro  
ese corisco que queima a memoria  
como queima as colleitas os anos de fame.

Foise co último inverno de chuvias incsesantes  
cando cacarexaban as pegas agoireiras  
arredor da casa atormentada.

Estaba escrito nas súas mans artrósicas  
e na súa mirada desolada  
-Ata aquí termou o home-

Pechou para sempre a Cegoñeira  
ficou o derradeiro labrego do Cantiño  
-Ata aquí chegou unha liñaxe  
de nobres campesiños chairegos-

Outros leiros para o monte  
Outros eidos para a tristura  
Outro ermo na contorna  
Outra casa para o esquezo  
- Propiedade das pantasmas da hedra-

Fórone os días de festa  
cando celebrabamos o patrón  
e á calor da conversa demorada  
soaba unha cantiga.

Remataron os días de verao  
das rogas de xente nas colleitas  
que enchían de fartura a parroquia.

*Terminaron as tardiñas de merenda,  
tempo de amoras e cereixas  
de travesuras e de xogos amorosos  
nas augas do río adolescente  
-Explorando as grandes ínsuas do río Miño-*

*Aló van os domingos de xantar xuntos  
de arrecendo a bola fresca  
e sobremesa cavilando noutras xeiras.*

*Acabaron as noites de invernía  
de cartas e de contos a carón do lume  
mentres a aldea remoía soidades.*

*Tempos aqueles...*

*Treman as trabes de castiñeiro,  
a couza apodérase dos cangos,  
as fiestras batan contra a noite  
e unha lúa pálida alumea os cuartos solitarios.*

*Pandan as paredes e o teito,  
os aveños enferrúxanse no alboio,  
as arañeiras habitán as estancias baleiras  
e as curuxas axexan as sombras do silencio.*

*Hai un can laiando polo dono  
que se nega a abandonar o territorio  
e un gato triste agochado no faiado.*

*O mapa mudo das ausencias  
dos últimos fillos da aldea  
percorre a ruta das ruínas,  
un berro telúrico e ancestral  
estremece as entrañas da terra abandonada  
e un lóstrego atravesa o corazón da chaira.  
-Baixo a treboada da nostalxia-*

*Así se pecha a historia dun pobo que esmorece.  
Aquí se pecha a porta dun mundo que se foi  
- A porta da CASA GRANDE da tradición-*

*Non puido ser estéril tanta loita  
tanta pelexa contra as inclemencias do destino  
-A flor do esforzo deu o seu froito-*

*Sementaremos un tempo de esperanza  
para restaurar os traballos e os días  
de tódolos avós e de tódalas infancias  
que cultivaron unha lenda milenaria.*

*Reconstruiremos a casa natal e familiar  
para honrar a herdanza dunha estirpe  
e redimir o soño dos devanceiros.*

*Porque nos cómbaros do lugar da memoria  
áinda florece unha rosa amarela.*